



D. JULIO DÍAZ ESCOLANTE, CON D.N.I. núm. 33858617H, con domicilio, a efectos de notificacións, en Rúa San Roque 94-98, (C.P 27002) LUGO, actuando na súa calidade de Presidente Autonómico e Representante Legal de ANPE- Sindicato Independente,

EXPÓN:

Ante a próxima negociación e aprobación dos orzamentos xerais da nosa Comunidade Autónoma para o ano 2017 e ante o anuncio da “normalización” do cobro das pagas extraordinarias para o vindeiro ano desde ANPE Galicia non nos damos por satisfeitos e queremos seguir esixindo o cobro do 100% nas vindeiras extras, xa que só recuperamos o complemento específico detraído, e rescatar as cantidades deixadas de percibir desde o ano 2013 ao ano 2016 .

A comezos do presente curso escolar 2016-2017 e, despois de anos de reclamacións, ANPE Galicia iniciou unha campaña reivindicativa esixindo á Xunta de Galicia a restitución da totalidade do importe das pagas extras das e dos docentes, esixindo a devolución das cantidades detraídas desde o ano 2013. Froito desta campaña, ANPE Galicia recolleu preto de **2000 sinaturas de apoio** por parte do profesorado galego á nosa petición e que se achegan adxuntas a este escrito.

Efectivamente, desde o ano 2013 as pagas extraordinarias veñen recortadas na parte correspondente ao complemento específico, o que se traduce nunha diminución retributiva por docente de arredor dun 40% en cada unha delas supoñendo, de media, unha perda de **825 euros brutos** por paga.

Estas reducións supoñen en torno a unha perda salarial anual dun 4%.

Desde ANPE Galicia queremos resaltar o agravio comparativo que supón o feito de non percibir o 100% das pagas extraordinarias con respecto aos docentes de carácter estatal e doutras comunidades autónomas que si as están a percibir desde fai xa tempo.

É polo que **SOLICITA:** Un compromiso inmediato por parte da Administración galega de **devolución das cantidades detraídas** nos complementos das pagas extraordinarias desde o ano 2013 ao ano 2016 e o establecemento dun calendario para o aboamento das mesmas así como a restitución da paga extra completa que o profesorado galego percibimos nunha única ocasión .

Santiago de Compostela, a 9 de decembro de 2016



Asdo.: JULIO DÍAZ ESCOLANTE.
PRESIDENTE ANPE GALICIA.

EXCMO. SR CONSELLEIRO DA CONSELLERÍA DE FACENDA.
San Caetano, Santiago de Compostela, s/n 15704 Santiago de Compostela.